

Informe sobre o nome *Deogratias* / *Deograzas*

O nome masculino de orixe latino-cristiá *Deogratias* ‘grazas a Deus’, xunto á forma latina, presenta unha variante total ou parcialmente adaptada nas distintas linguas, coma o portugués *Deograças*, o español *Deogracias* ou *Diosgracias*, o catalán *Deogràcies*, o vasco *Dogartzi*, o francés *Dieumerci* e o italiano *Graziadio*. A forma galega correspondente é *Deograzas*.

O bispo *Deogratias Carthaginensis*, que viviu no século V, é venerado como santo pola igrexa católica, que na actualidade celebra a súa festividade o 5 de xaneiro.

